



Ayuntamiento de O Incio

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS DE SANTALLA E BARDAOS E A VEIGA.”

CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras de “Acondicionamento e mellora de camiños de acceso a explotacións de Santalla e Bardaos e a Veiga”, segundo o proxecto técnico redactado pola Enxeñeira Técnica Agrícola, Dna. Fe Álvarez Sánchez, colexiada nº 544, de GALETEC, S.L., integrado polos documentos enumerados no artigo 123 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no artigo 4 do Decreto 1627/97, e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co disposto no artigo 4 do R.D. 105/2008.

No proxecto compréndense as seguintes actuacións:

1.- Camiño de Bardaos a Santalla.

- Limpeza manual de toda a caixa e márxenes do camiño.
- Firme en base de aglomerado en quente tipo D-12 de 6 cm. de espesor.
- Cimentación de escolleira.
- Corpo de escolleira.
- Canalizacións de augas, mediante formigonado de canal e colocación de tubos.

2.- Camiño de A Veiga.

- Limpeza manual de toda a caixa e márxenes do camiño.
- Firme en base de aglomerado en quente tipo D-12 de 6 cm. de espesor.

O dito proxecto corresponde ao código CPV 45233123 – Traballos de construción en estradas secundarias.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto e, en particular, os seus planos, pregos de prescricións técnicas, a súa memoria no referente á descrición dos materiais básicos ou elementais, cadro de prezos, programa de traballo, e, no seu caso, o que presente o adxudicatario, así como as melloras de obra formuladas, xunto



Ayuntamiento de O Incio

co presente prego de cláusulas, terán carácter contractual.

No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas do proxecto técnico, prevalecerá o primeiro.

A finalidade do contrato e as necesidades a satisfacer veñen xustificadas no correspondente proxecto técnico e determinadas pola necesidade de dotar a diversos camiños públicos municipais das capas de rodadura adecuadas para o seu fin, xa que moitos deles presentan un estado de deterioro importante, aproveitando para elo a liña de axudas existentes dentro dun Plan Marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ao abeiro do PDR de Galicia 2014 – 2020.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6.1 e o Anexo I, Grupo 45.34 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

1.- O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, pola circunstancia prevista nos artigos 177.2 en relación co 171. d) do TRLCSP. A negociación, no seu caso, desenvolverase a través do seguinte procedemento: se o órgano de contratación considera, á vista das ofertas presentadas, que existen elementos susceptibles de negociación, reformulación ou mellora, porao por escrito, vía fax ou correo, en coñecemento de todos os licitadores, indicando tales elementos. Os licitadores poderán entón presentar por escrito, no prazo de cinco días naturais, a súa contestación, reformulando ou mellorando, no seu caso os termos da súa oferta. En todo caso aplicaranse nesta fase os principios de formalización documental, igualdade, non discriminación e transparencia.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrancia; é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Co fin de asegura-la transparencia e o acceso público á información relativa a actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello dispón de Perfil do Contratante na páxina web: www.concellooincio.es.

2.- A entidade contratante é o Concello de O Incio, sendo o órgano con competencia para contratar a Sra. Alcaldesa – Presidenta.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato, e na súa consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretarlas, resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e determina-los efectos de esta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación diante a xurisdición competente.

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

CLÁUSULA TERCEIRA.- ORZAMENTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que ascende á contía de 91.166,41 euros. O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de 75.344,14 euros e no imposto sobre o valor engadido de 15.822,27 euros (21%).

O dito tipo de licitación constituirá á súa vez o prezo do contrato de tal maneira que calquera baixa que se formule deberase realizar mediante melloras de obra ou obras complementarias debidamente valoradas a prezos unitarios e sen repercusión económica para o Concello. Non obstante, poderanse admitir melloras de obras valoradas globalmente, de tal maneira que as unidades a executar neste suposto, serán as propostas a criterio da dirección facultativa ou da Administración. Así mesmo, as melloras de obras ou obras complementarias que se formulen a prezos unitarios, poderanse substituír por outras que se consideran máis axeitadas a criterio da dirección facultativa ou do Concello.

As melloras de obra propostas polo licitador que resulte adxudicatario e se acepten pola Administración terán a consideración de contractuais e a súa execución será obrigatoria para o contratista. Debéndose de certificar coas correspondentes certificacións ordinarias de obra.

A modalidade de obras que contemplan as respectivas melloras deberán ter as mesmas características que as dos respectivos capítulos que conforman as unidades de obras que integran o proxecto ou ter carácter complementario no sentido de que non estando previstas se consideran necesarias para executar a obra tal e como figura no proxecto. As ditas melloras de obra ou obras complementarias, deberán recollerse no correspondente proxecto técnico ou memoria valorada, redactada polo técnico director da obra ou outro técnico competente, sendo, obriga do contratista instar a súa elaboración no momento que se ordene polo Director da Obra, e sufragar os gastos derivados da súa redacción, o cal deberá ser sometido á aprobación do órgano de contratación.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro de elas o imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co artigo 72 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

Os prezos consignados levan implícito:

1. O importe dos traballos accesorios e auxiliares.
2. Os gastos derivados da aplicación das disposicións legais sobor a Seguridade e Saúde, e os honorarios correspondentes.
3. Os gastos correspondentes, no seu caso, ó control da calidade na edificación, ata o límite imposto no presente prego de cláusulas ou nas disposicións xerais de aplicación.



Ayuntamiento de O Incio

4. Os gastos de licitación e formalización do contrato.
5. A imposición fiscal derivada do contrato e da actividade do contratista na súa execución.
6. O importe das cargas laborais de calquera tipo.
7. Os impostos, taxas ou gastos de calquera orde correspondentes á solicitude e obtención dos permisos, licencias e autorizacións necesarios para a execución da obra, así como os derivados da tramitación e entrega ó Concello dos correspondentes boletíns de instalacións precisos para a posta en funcionamento dos distintos servizos (luz, auga, etc...)
8. Os gastos de elaboración, colocación e retirada do cartel relacionado cá obra, coas características e formato que se facilite pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a través da súa web e conforme ao establecido no Anexo I Plan Marco: programa de melloras de camiños de titularidade municipal 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ao abeiro do PDR de Galicia 2014 – 2020.
9. Calquera outro que se contemple no presente prego de cláusulas e, no seu caso, no prego de prescricións técnicas incorporado ó proxecto técnico.

CLÁUSULA CUARTA.- FINANCIAMENTO.

O importe aboarase con cargo á partida 454.619 do vixente orzamento municipal.

Para atender as obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento, sendo de especial incidencia que a financiación da obra realízase con achegas de distinta procedencia, en base ao feito de se atopar incluída no Plan Marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2016, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ao abeiro do PDR de Galicia 2014 – 2020, segundo a Resolución da Dirección Xeral de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de 25 de xaneiro de 2016, de acordo co seguinte desglose:

- FEADER: 57.331,50€.
- MARM: 5.733,15€.
- AGADER: 13.377,35€.
- APORTACIÓN CONCELLO: 16.052,82€.

CLÁUSULA QUINTA.- REVISIÓN DE PREZOS

Atendendo á natureza da obra, en ningún caso procederá a revisión de prezos no presente contrato e, polo tanto, non se aplicará ningunha fórmula de revisión.



Ayuntamiento de O Incio

CLÁUSULA SEXTA.- PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de execución do contrato será o que se sinala no epígrafe 3 do cadro de características do contrato. De conformidade co disposto na documentación referente ás axudas de Agader, o prazo límite para a execución dos investimentos do proxecto subvencionado e a súa xustificación, será o 30 de setembro de 2016. **En todo caso a obra deberá estar rematada e recepcionada formalmente con data límite do 20 de setembro do 2016.**

CLÁUSULA SÉTIMA.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalguna das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

CLÁUSULA OITAVA.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES (art.65 e D.T.4ª TRLCSP)

Para contratar coa administración a execución dunha obra de importe igual ou superior á cantidade establecida no artigo 65.1 do TRLCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica no epígrafe 4 do cadro de características do contrato. Atendendo ao importe do contrato, non resulta esixible a clasificación empresarial.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten diante do órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos sinalados nos presentes Pregos.

CLÁUSULA NOVENA.- UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 8



Ayuntamiento de O Incio

e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 67.5 TRLCSP.

No suposto de resultar adjudicatario, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adjudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración.

CLÁUSULA DÉCIMA.- PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN.

O contrato adjudicárase mediante procedemento negociado sen publicidade, pola circunstancia prevista nos artigos 177.2 en relación co 171.d) do TRLCSP.

A negociación, no seu caso, desenvolverase a través do seguinte procedemento: se o órgano de contratación considera, á vista das ofertas presentadas, que existen elementos susceptibles de negociación, reformulación ou mellora, porao por escrito, vía fax ou correo, en coñecemento de todos os licitadores, indicando tales elementos. Os licitadores entón presentarán por escrito, no prazo de cinco días hábiles naturais, a súa contestación, reformulando ou mellorando, no seu caso os termos da súa oferta. En todo caso, aplicaranse nesta fase os principios de formalización documental, igualdade, non discriminación e transparencia.

CLÁUSULA UNDÉCIMA.- ANUNCIO E PERFIL DO CONTRATANTE.

a) Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior ao establecido no artigo 177.2 do TRLCSP e non superen o límite establecido no artigo 171.d) do TRLCSP; a licitación publicarase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, se ben poderá substituírse esta publicación polo correspondente anuncio no Perfil do Contratante. A opción elixida indícase no cadro de características.

b) Contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior ao establecido no artigo 177.2 do TRLCSP; a adjudicación realizarase previa consulta, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, facultándose a tales efectos á Sra. Alcaldesa – Presidenta. Non obstante, de conformidade co artigo 93 do R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, e cando así o resolva o órgano de contratación, a solicitude de ofertas a que se refire o artigo 178.1 do TRLCSP pode realizarse mediante anuncio público ou da forma que se estableza con carácter xeral por aquel, sempre que non resulte preceptiva a publicidade no Diario Oficial das Comunidades Europeas e no Boletín Oficial do Estado ou no seu caso no da Comunidade Autónoma.

c) Co fin de asegura-la transparencia e o acceso público á información relativa a actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil do Contratante ao que se terá acceso segundo as



Ayuntamiento de O Incio

especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.concellooincio.es

CLÁUSULA DUODÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

a) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 5 e 6 do cadro de características do contrato, dentro do prazo de CINCO (5) días hábiles, contando desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP ou no perfil de contratante ou diario de prensa ou recepción da invitación para que oferte, segundo sexa a modalidade elixida, en horario de 9:00 a 14:00 horas de lúns a venres e de 10:00 a 13:00 horas os sábados non inhábiles, en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

b) Tamén poderán presentarse ofertas nos rexistro e oficinas a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico e do Procedemento Administrativo Común. Neste caso, deberase acreditar ante o órgano de contratación, co resguardo correspondente, a data de imposición de envío nas citadas dependencias e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación por fax ou telegrama a remisión da proposición por tales medios, que deberá recibirse no Concello antes das 14:00 horas do último día do prazo de presentación. No caso de que transcorran CINCO (5) días naturais dende a data de remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición.

c) Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta, sen prexuízo do establecido nos artigos 147.1 e 148 do TRLCSP. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción desta normas dará lugar á non admisión de tódalas ofertas por el subscritas.

d) A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego.

e) As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación das obras de **“ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A EXPLOTACIÓN DE SANTALLA E BARDAOS E A EXPLOTACIÓN DA VEIGA NO CONCELLO DE O INCIO”**».

A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»: Documentación administrativa.**
- **Sobre «B»: Oferta económica e documentación.**

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

Ademais do subtítulo sinalado, levará a denominación da obra e o nome, dirección, teléfono e fax do contratista formulante da proposta.

Conterá a seguinte documentación:

A) **Declaración responsable-** segundo ó modelo do Anexo I- suscrita polo licitador ou o seu representante recoñecendo que cumpre os requisitos de capacidade, representación e solvencia esixidos e comprometéndose, no caso de que a proposta de adxudicación recaia ao seu favor, a aportar os documentos que se sinalan na cláusula 17.2 do presente prego de cláusulas.

B) **No seu caso, compromiso de constitución de UTE .**

No caso de que dúas ou máis empresas acudisen á presente licitación constitúan unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberán aportar ademais da declaración sinalada no apartado anterior, documento privado con indicación dos nomes e as circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

C) **No seu caso, acreditación da inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas**

Os licitadores, en virtude do disposto no artigo 146.3) do TRLCSP, poderán indicar mediante declaración expresa incorporada á declaración responsable prevista no apartado A) anterior conforme ao modelo estipulado no **ANEXO I** do presente prego, o rexistro no que estean inscritas onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sempre e cando os citados documentos estean vixentes, e, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia .

Respecto dos licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 do 16 de outubro de 2001), a correspondente certificación de inscrición será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación, debendo presentar o licitador a declaración responsable a que se fai referencia no parágrafo anterior.

SOBRE «B»: OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN

Ademais do subtítulo sinalado, levará a denominación da obra e o nome, dirección, teléfono e fax do contratista formulante da proposta.

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme ao modelo que figura como **Anexo II** deste prego.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.- DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS.

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.- GARANTÍA PROVISIONAL.

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.- ASPECTOS ECONÓMICOS E TÉCNICOS OBJECTO DE NEGOCIACIÓN E CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adjudicación que se puntuarán da seguinte maneira:

1. Melloras sen custe adicional: de 0 a 5 puntos.
2. Redución do prazo de execución das obras: de 0 a 5 puntos.
3. Ampliación do prazo de garantía das obras executadas sobre os doce meses establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares: de 0 a 3 puntos.

Melloras sen custe adicional: de 0 a 5 puntos.

Neste apartado valorarase o proxecto de obras complementarias que se referirán obrigatoriamente a obras a executar no mesmo ámbito físico das obras do proxecto. Só se admitirán as seguintes:

- Acondicionamento de cunetas na beira das vías obxecto das obras.
- Desbroce de maleza na beira das vías obxecto das obras .

Os licitadores achegarán ofertas complementarias ao proxecto de adjudicación, e se valorarán sempre que teñan un valor engadido sobre a propia obra e repercutan no mellor servizo e utilidade pública. Para a valoración das ditas melloras utilizaranse as unidades (materiais, maquinaria e man de obra) e prezos do proxecto.

A valoración das melloras se realizará partindo da valoración que das mesmas den os ofertantes, supervisadas polos técnicos municipais, e si se estima necesario, polo redactor do proxecto, que poderán, razoadamente, non valorar as propostas dos licitadores por considerar que non representan unha mellora substancial.

A oferta que presente maior valor de melloras será valorada con 5 puntos, atribuíndose ás restantes ofertas a puntuación que proceda proporcionalmente, polo procedemento de regra de tres simple directa.



Ayuntamiento de O Incio

Redución do prazo de execución da obra: de 0 a 5 puntos.

A oferta que presente unha redución maior do prazo de execución da obra proxectada (38 días laborables) será valorada con 5 puntos, atribuíndose ás restantes ofertas a puntuación que proceda proporcionalmente, polo procedemento de regra de tres simple directa.

Ampliación do prazo de garantía das obras sobre os doce meses establecidos no Proxecto.

Ao licitador que presente as mellores propostas de garantía serán obxecto de consideración polo órgano de contratación, a razón de 1 punto por ano, ata un máximo de tres anos.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Para determinar o carácter desproporcionado ou anormal do prezo ofertado (só aplicable no caso de que o prezo fora un criterio de adxudicación), atenderase ao disposto no art. 85 do RXLCAP, considerando temerarias aquelas ofertas que se atopen nos supostos indicados nese artigo.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta será analizado á vista do informe que, sobre este extremo, poda emitir o técnico director da obra ou, no seu defecto, o técnico municipal. Antes da emisión deste informe, solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta, no prazo de 3 días hábiles, xustificación que deberá emitirse nos termos sinalados no artigo 152.3 do TRLCSP e sobre a que, necesariamente se pronunciarán os informes técnicos.

Respecto ás melloras ofertadas, atenderase á posibilidade técnica de execución das mesmas co orzamento económico que se oferta, tendo en conta para elo os cálculos de custes (de persoal e materiais) correntes no mercado, e as explicacións que puidera dar o licitador incurso nesta presunción de temeridade.

O órgano de contratación, á vista das explicacións do licitador e do informe técnico, declarará que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, cando o custe das melloras sinaladas na oferta supoña a imposibilidade de obter beneficio de ningún tipo coa execución das mesmas. A efectos desta valoración, poderase considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

Tramitado o procedemento anterior, consonte ao art. 152.4 do TRLCSP, corresponderalle ao órgano de contratación no momento de realizar a adxudicación, a declaración da oferta como anormal e desproporcionada e a exclusión da licitación.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN



Ayuntamiento de O Incio

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.- APERTURA E EXAME DAS PROPOSICIÓNS.

Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas, de conformidade co que se establece no artigo 320.1 do texto refundido non é necesaria a constitución da Mesa de contratación.

Concluído o prazo de presentación de ofertas, a Sra. Alcaldesa – Presidenta do Concello de O Incio asistido da secretaría examinará a documentación administrativa, “**Sobre A**”. Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarase aos interesados a través do enderezo electrónico sinalado polos licitadores ou vía fax ao enderezo para os efectos de notificación sinalado polos licitadores, concedéndose un prazo non superior a TRES (3) días hábiles para que os licitadores a corrixan ou emenden. Agora ben, se a documentación do licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Se considerará defecto subsanable a non achega dalgún documento dos previstos na cláusula duodécima incluídos no sobre A) correspondente á documentación administrativa, ou deficiencias ou erros nos mesmos, sempre que o suposto de feito ou de dereito que reflicte o documento existise con anterioridade á finalización do prazo para presentar ofertas.

Unha vez emendados, se é o caso, os defectos ou omisións da documentación presentada declararanse os licitadores admitidos á licitación facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

A continuación procederá á apertura, do “**Sobre B**” correspondente ás proposicións económicas dos licitadores admitidos, e unha vez determinada a proposición máis vantaxosa como resultado da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no prego (cláusula décimo quinta) e dos informes técnicos, de ser o caso, formulará proposta de adxudicación, que incluírá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados.



Ayuntamiento de O Incio

Realizadas estas actuacións, abrírase, a fase de negociación coas empresas e concluída esta procederase á adxudicación polo órgano de contratación, valorando as ofertas resultantes da negociación.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co previsto no artigo 151 do TRLCSP, o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 152 do TRLCSP.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa economicamente para que, dentro do prazo de DEZ (10) días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que houbera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).



Ayuntamiento de O Incio

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 156.1 do TRLCSP).

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

2. Poderes:

Cando a licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse **poder notarial** para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

3. A solvencia do empresario:

3.1. A solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

- Declaracións apropiadas a lo menos por parte de unha entidade financeira, ou no seu caso xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais ou responsabilidade civil.

O ámbito e contido do informe deberá axustarse ao sinalado no **anexo III** do presente prego de cláusulas administrativas. O importe da contía que debe quedar cuberta polo seguro de riscos profesionais ou responsabilidade civil



Ayuntamiento de O Incio

deberá ser igual ou superior a contía do contrato incluído o IVE (91.166,41€), multiplicado por 2.

- Declaración responsable do licitador, sobre o **volumen global de negocios**, referido aos tres derradeiros exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades da empresa. O importe da facturación total que as empresas executaron durante os tres últimos anos deberá ser igual ou superior ao presuposto total da obra incluído o IVE (91.166,41 €) multiplicado por 1,5.

Por volumen anual de negocios debe entenderse ou Importe neto dá cifra de negocios que figura na conta de perdas e ganancias dos modelos regulamentarios das contas anuais establecidas na lexislación mercantil. (Circular informativa 1/2015, do 1 de outubro de 2015, da Secretaría da Xunta Superior de Contratación Administrativa da Generalitat Valenciana, sobre os cambios introducidos polo Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral dá Lei de Contratos das Administracións Públicas).

No suposto de referirse a exercicios aos que aínda non se cumpriu o trámite de deposita-las contas nos Rexistros correspondentes poderase xustificar mediante a achega do Modelo 347 de Operacións con terceiras persoas ou outro documento que acredite o volumen de negocios e que se estime axeitado polo órgano de contratación, tendo en conta que en ningún caso se computará o IVE.

3.2. A solvencia técnica e profesional do empresario acreditarase mediante:

- Unha relación das obras análogas executadas no curso dos derradeiros 5 anos correspondentes ao grupo G (Viais e pistas) e subgrupo 6 (Obras e viais sen cualificar), avaladas por certificados de boa execución para as máis importantes; indicaranse o importe, as datas e lugar de execución das obras e se se levaron a bo término ou se executaron satisfactoriamente; no seu caso, ditos certificados poderán seren comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente á presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos traballos referidos.

Só se terán en conta as obras relacionadas co obxecto da presente contratación, que aparezan relacionadas, e respecto das cales se aporten as certificacións a que se fai referencia neste apartado.

CRITERIO DE SELECCIÓN: Ao menos, dous dos traballos relacionados deberán ser obras análogas ás do presente contrato e deberán acadar na súa totalidade o importe igual o superior a 1,5 veces as do orzamento total da obra incluído o IVE (91.166,41€).

O período de CINCO (5) anos abranguirá:

- Respecto do ano 2012, dende o día equivalente ao da finalización do prazo de presentación de ofertas ata o 31 de decembro.



Ayuntamiento de O Incio

- Os anos 2013, 2014 e 2015 completos.
- E o período transcorrido do ano 2016 ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

As anteriores solvencias económica, financeira, técnica e profesional, poderán ser substituídas pola debida acreditación de haber obtido a clasificación para os contratos de obras no grupo G) (Viais e pistas), Subgrupo 6 (Obras viais sen cualificación específica), categoría 2) ou C) segundo a táboa de equivalencias prevista na Disposición Transitoria Segunda do R.D.773/2015, do 28 de Agosto, mediante a achega de certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia).

Non obstante, para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de contratación a súa solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o artigo 75 do TRLCSP e a solvencia técnica mediante relación da obras executadas no curso dos últimos CINCO (5) anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

4. Documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5. Xustificante de haber constituído a garantía definitiva por un importe equivalente ao 5 por 100 do prezo de adxudicación, excluído o IVE, en calquera das modalidades previstas no artigo 96 do TRLCSP, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe na seguinte conta bancaria: ES42.2080.0167.6131.1000.0036.

A administración poderá refutar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP.

No prazo de quince días, contado dende a data en que se fagan efectivas, no seu caso, as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repoñer ou amplia-la garantía constituída na contía que corresponda, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

6. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia nalgunha das prohibicións de contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

- a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.
- b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

De no cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Unha vez recibida a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos CINCO (5) días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

1. En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
2. A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
3. En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.
4. Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á formalización.



Ayuntamiento de O Incio

CLÁUSULA VIXÉSIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos QUINCE (15) días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público .

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA.- GARANTÍA DEFINITIVA

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.
- Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.
- Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do



Ayuntamiento de O Incio

14 de novembro.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.- DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista os seguintes:

A) Aboamentos ao contratista

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinala o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

B) Obrigas do contratista

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.
- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro).
- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro para os supostos de subcontratación.
- O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.



Ayuntamiento de O Incio

- Serán por conta do contratista os gastos de arrendamento e adquisición de terreos para depósito de materiais e maquinaria.
- Serán por conta do contratista os gastos de construción de toda clase de instalacións auxiliares e provisionais.
- Serán por conta do contratista os gastos de demolición de instalacións auxiliares e provisionais.
- Serán por conta do contratista os gastos de suministro, colocación e conservación de sinais de tráfico e demais recursos para proporcionar seguridade dentro da obra consonte ao disposto no Código de Circulación e normativa de Prevención de Riscos Laborais, e adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.
- O contratista cumprirá coas ordes que reciba por escrito da dirección acerca de instalacións de sinais complementarias ou modificación das que instalara.
- Gastos esixibles ao contratista. Correrán pola conta do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen. En caso de que o esixa algunha das administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa custa letreiros de identificación da obra, coas características que se establezan. Igualmente queda obrigado a elaborar á súa costa e colocar tamén á súa costa, na data en que comecen os traballos, un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que se facilite pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a traveso da súa web e conforme se establece no Anexo III do Regulamento (UE) nº 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo. O dito cartel deberá manterse na obra ata que se autorice a súa retirada pola Administración e, en todo caso manterase, cando menos, ata que teña lugar a visita de control de fin de obra, sendo responsable o contratista durante o dito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións. O 25% do espazo, como mínimo, do panel estará ocupado pola descrición do proxecto o emblema da Unión, o logotipo Feader e o lema "Feader: Europa inviste no rural"
- O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.
- Constitúe obriga do Contratista, a construción, colocación, conservación e explotación, desmontaxe, demolición e retirada da obra, de tódalas instalacións auxiliares da obra así como a realización das obras auxiliares necesarias para a execución das obras definitivas, sendo o seu custo en tódolos casos por conta do Contratista.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA.- RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA

Á recepción das obras, no momento da súa terminación, concorrerá o responsable do contrato, se houberse un nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se se considera oportuno, do seu facultativo.

Se se encontran as obras en bo estado e de acordo coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daraas por recibidas, redactarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o director delas sinalará os defectos observados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para remediar aqueles. Se, transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuou, poderáselle conceder outro novo prazo improrrogable ou poderase declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de DOCE (12) MESES contados desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, o contratista quedará liberado de toda responsabilidade, salvo da responsabilidade por vicios ocultos, e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pagamento das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. Se o informe non for favorable e os defectos observados se deberen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a lle ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído e concederlle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista,



Ayuntamiento de O Incio

este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

1.- Acta de comprobación do trazado de planta.

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato na data que se asigne pola Administración, efectuarase a comprobación do trazado de planta, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do TRLCSP.

Se o contratista non acude, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de trazado de planta a súa ausencia considerárase como incumplimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos no artigo 237 do TRLCSP.

Cando o resultado da comprobación do trazado de planta demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquela a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da sinatura da acta.

Cando se trate da realización de algunha das obras ás que fai referencia o artigo 126.2 do TRLCSP estarase ao disposto nese artigo en canto á dispoñibilidade de terreos, podendo comezarse as obras se estiveran dispoñibles os terreos imprescindibles para elo e completarse a dispoñibilidade dos restantes segundo o esixa a execución das obras.

Cando non resulten demostradas as circunstancias ás que se refire o apartado anterior ou o director da obra considere necesaria a modificación das obras proxectadas, quedará suspendida a súa iniciación, facéndose constar na acta, e ata que o órgano de contratación adopte a resolución procedente en virtude das facultades que lle atribúe a lexislación de contratos das administracións públicas. En tanto sexa ditada esa resolución quedará suspendida a iniciación das obras dende o día seguinte á sinatura da acta, computándose a partir de dita data o prazo de seis meses a que se refire o artigo 237 parágrafo b) do TRLCSP, sen prexuízo de que, se foran superadas as causas que impediron a iniciación das obras, se ditase acordo autorizando o seu comezo, notificándosele ao contratista e computándose o prazo de execución dende o día seguinte ao de tal notificación.

O disposto no apartado anterior aplicarase igualmente cando o contratista formulase reservas no acto de comprobación de replanteo. Non obstante, se tales reservas resultasen infundadas a xuízo do órgano de contratación, non quedará suspendida a iniciación das obras nin, en consecuencia, será preciso ditar novo acordo para a súa iniciación e se modifique o cómputo do prazo para a execución.



Ayuntamiento de O Incio

A acta de comprobación do replanteo reflectirá a súa conformidade ou desconformidade respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ao cumprimento do contrato.

Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos nos apartados anteriores. No caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, fixera outras observacións que puideran afectar á execución da obra, a dirección da obra, logo de consideradas tales observacións, decidirá iniciar ou suspender o comezo da obra, xustificándoo na propia acta.

- Un exemplar da acta remitirase ao órgano de contratación, outro entregarase ao contratista e un terceiro á dirección.
- A acta de comprobación do replanteo formará parte integrante do contrato aos efectos da súa esixibilidade.

Se como consecuencia da comprobación do replanteo dedúcese a necesidade de introducir modificacións no proxecto a dirección redactará no prazo de quince días, sen prexuízo da remisión inmediata da acta, unha estimación razoada de ditas modificacións.

Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, a tramitación de dita modificación axustarse ás normas xerais do TRLCSP e do seu RXLCAP, en tanto non se opoñan a dita Lei, acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso a iniciación dos traballos naquelas partes non afectadas polas modificacións previstas no proxecto.

2.- Comezo das obras e aviso previo á autoridade laboral.

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura do acta de comprobación de trazado de planta.

O director da obra directamente ou por medio do coordinador de Seguridade e Saúde deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (art. 18 do Decreto 1627/97), documento cuxa presentación debe exhibir o facultativo ao contratista.

3.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da sinatura da acta de comprobación de trazado de planta, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de Traballo e o Plan de Seguridade e Saúde, e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 36 do presente prego.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde corresponderalle ao órgano de contratación, previo informe do coordinador de Seguridade e Saúde.

Atendendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo, en cuxo



Ayuntamiento de O Incio

caso resultará vinculante, no seu caso, o contemplado no proxecto técnico

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

4.- Carteis e sinais.

O contratista queda obrigado a elaborar á súa costa e colocar tamén á súa costa, na data en que comecen os traballos, un panel relacionado coa obra, coas características e formato que se facilite pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a traveso da súa web e conforme se establece no Anexo III do Regulamento (UE) nº 808/2014, da Comisión, do 17 de Xullo. O dito cartel deberá manterse na obra ata que se autorice a súa retirada pola Administración e en todo caso manterase, cando menos, ata o pagamento final da axuda, sendo responsable o contratista durante o dito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións. O 25% do espazo, como mínimo, do panel estará ocupado pola descrición do proxecto o emblema da Unión, o logotipo Feader e o lema " Feader: Europa inviste no rural".

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativas de obras, perigo, precaución, desviación, etc..., de conformidade co disposto no Código da Circulación e normativa de Prevención de Riscos Laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

O contratista cumprirá as ordes que reciba por escrito da dirección acerca de instalacións de sinais complementarias ou modificación das que instalara.

Os gastos que orixine a sinalización serán de conta do contratista.

5.- Fotografías.

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- Do cartel da obra.
- Do cartel da obra e o seu contorno.

En ambos casos deberá levar ao dorso a sinatura do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración o reportaxe fotográfico ou en vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderá utilizarse pola administración libremente e sen limitación temporal.

6.- Ocupación de terreos.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

7.- Desenvolvemento dos traballos.



Ayuntamiento de O Incio

A execución das obras realizarase a risco e ventura do Contratista e este non terá dereito a indemnización por causa de perdas, averías ou prexuízos ocasionados nas obras senón nos casos de forza maior, considerándose como tales, a estes efectos, exclusivamente os relacionados no artigo 231 do TRLCSP.

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, desde que sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

8.- Recepción e recusación de materiais.

O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

9.- Obras defectuosas ou mal executadas.

Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñecido, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

10.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.

Se se advirte vicios ou defectos na construción, ou tense fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

11.- Responsabilidade por vicios ocultos.-

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contado desde a recepción.



Ayuntamiento de O Incio

Transcurrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

12.- Dirección e inspección das obras.

A dirección e inspección das obras correspóndelle ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos artigos 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro, de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización das obras e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. Non obstante, a Alcaldesa - Presidenta da Corporación ou o Delegado de Obras, poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

13.- Lexislación laboral e Seguridade Social.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

14.- Prevención de riscos laborais.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

15.- Responsabilidade. Danos.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, se é o caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

16.- Gastos de transporte e almacenaxe.

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convindo e, se é o caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

17.- Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.



Ayuntamiento de O Incio

18.- Gastos de anuncios e tributos e varios.

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, así como os derivados da taxa pola formalización do contrato estipulada na correspondente Ordenanza Fiscal reguladora da expedición de documentos.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato, así como obter a licenza de obras, autorizacións preceptivas, ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se proceder, e o aboamento do imposto correspondente así como os derivados da expedición dos boletíns de instalación correspondentes que deberán seren entregados ao Concello ao seu nome.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña ningún custo para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que se é o caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc...), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a súa tramitación perante os ditos organismos e pagamento das taxas correspondentes.

19.- Aboamento da obra executada.

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, os seguintes aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira.

- a) Que o órgano de contratación é a Alcaldía-Presidencia.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é a Intervención municipal.
- c) Que o destinatario é Concello de O Incio.

20.- Prórroga.

O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

En calquera caso o remate das obras e a súa recepción terá lugar con anterioridade ao 20 de setembro de 2016, agás de se xustifica-la necesidade de solicita-la prórroga



Ayuntamiento de O Incio

que deberá formularse a lo menos con quince días de antelación ao remate do prazo de execución e en todo caso á data máxima fixada para o seu remate, previa petición expresa do contratista.

No suposto de que, por circunstancias non imputables ó contratista, se producise un retraso no cumprimento dos prazos de execución do contrato, o contratista poderá solicitar por escrito e cunha antelación mínima de quince días ó remate do prazo de execución da obra, unha prórroga alegando as razóns que lle impide a terminación das obras dentro do prazo de execución, ofrecéndose a cumplirlos seus compromisos no caso de se lle conceder, expresándose así mesmo a duración da prórroga que se pide. Dita petición deberá ter lugar no prazo máximo dun mes dende o día en que se produza a causa orixinaria do seu retraso.

A Corporación, previo informe do Director da Obra e a preceptiva aprobación por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), determinará a prórroga que se conceda no prazo de execución, cuxa resolución favorable quedará supeditada á autorización dos Organismos Provincial participante na cofinanciación do contrato e que teñen establecidos uns prazos tanto parciais como finais para o remate das inversións.

Transcorrido un mes dende que o contratista teña solicitado prórroga sen ter recaído resolución expresa, poderase entender estimada, prazo este que se interromperá como consecuencia de formular a solicitude de informes ou autorizacións preceptivos.

Se a demora na execución das obras fose producida por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga de tempo que se lle sinalara, o órgano de Contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se prevén no presente prego a existencia de modificacións a que se refire o artigo 106, polo que, no seu caso será de aplicación o artigo 107. Nos demais supostos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta ao pactado inicialmente, deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, se é o caso, como consecuencia dela. A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de Contratación, logo da redacción do proxecto, audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito. Todo iso sen prexuízo do disposto no art. 162.4 do TRLCSP, para os supostos a que se refire o dito precepto.

Non obstante o disposto no apartado anterior só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 234 do TRLCSP).

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite previsto neste iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recolleitas e aboadas nas certificacións mensuais, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que se refire a disposición final segunda da LCSP. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas houber necesidade de introducir no proxecto modificacións das dispostas no art. 217 da LCSP recolleranse tales variacións na proposta a elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato de obras que, de acordo co establecido no art. 234 do TRLCSP, produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, sempre que esta sexa unha das comprendidas no contrato. No caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha, sen prexuízo do que se establece no art. 234 do TRLCSP.

Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou cuxas características difiran substancialmente delas, os prezos de aplicación destas serán fixados pola administración á vista da proposta do director facultativo das obras e das observacións do contratista a esta proposta en trámite de audiencia, por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de Contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente.

Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contado desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro do devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

Cando de conformidade co previsto no artigo 171 b) do TRCSP, as obras que como consecuencia de circunstancias imprevistas, se teñan que realizar e non figuren no contrato nin no proxecto, deberán seren obxecto de contratación independente, agás naqueles supostos que poidan adxudicarse ao contratista principal.

Nestes supostos, á adxudicación ao contratista inicial estará sometido aos límites e condicións reguladas no artigo 171 do TRLCSP.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do proxecto, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola



Ayuntamiento de O Incio

resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

No caso de que o adxudicatario ofertase redución de prazo de execución e a demora fose imputable ao contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes: **REDUCCIÓN (% sobre o prazo de execución)**

Penalidades

Ata un 5%	0,50 por cada 1.000 euros
Ata un 10%	0,55 por cada 1.000 euros
Ata un 15%	0,60 por cada 1.000 euros
Ata un 20%	0,65 por cada 1.000 euros
Ata un 25%	0,70 por cada 1.000 euros
Ata un 30%	0,75 por cada 1.000 euros
Ata un 35%	0,80 por cada 1.000 euros
Ata un 40%	0,85 por cada 1.000 euros
Ata un 45%	0,90 por cada 1.000 euros
Ata un 50%	0,95 por cada 1.000 euros
Ata un 55% ou máis	1 por cada 1.000 euros

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO NOVENA.- DEBER DE COLABORACIÓN, DILIXENCIA E BOA FE.

O contratista adxudicatario da obras, colaborará coa Administración, persoas, empresas ou organismos por ela designados, facilitando e poñendo á súa disposición canta lle sexa solicitada, referida á obra en cuestión.

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

O contratista actuará na execución do contrato e diante das incidencias que puidesen xurdir, de acordo cos principios de dilixencia e boa fe, adoptando, aínda cando a incidencia non lle fose imputable, tódalas medidas ao seu alcance para evita-los prexuízos que puideran ocasionar ao interese xeral e á Administración como parte contractual.

O incumprimento deste deber de dilixencia poderá dar lugar á obrigaón de resarcir á Administración.

Do mesmo xeito, e dentro do mesmo deber de colaboración e boa fe, o contratista non terá dereito a ser indemnizado nin a solicitar unha modificación contractual como consecuencia da existencia dalgún erro existente no proxecto técnico ou outro documento contractual, que puidese ser advertido con carácter previo á licitación e adxudicación do contrato e non lle fose comunicado á Administración.

CLÁUSULA TRIXÉSIMA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e rexeráse polo presente prego de cláusulas administrativas particulares, polo prego de prescricións técnicas, quedando sometidas ambas partes expresamente ao Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei contratos do sector público e demais normas complementarias; e se é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento en todo canto non se encontre derogado por esta Lei; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, en particular o Decreto 3854/1.970 de 31 de decembro, polo que se aproba o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado no que non contraveñan as disposicións anteriores; no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 37 do TRLCSP os interesados deberán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

En todo caso será de aplicación respecto de ámbolos dous pregos o establecido no artigo 68.3 do citado Regulamento.



Ayuntamiento de O Incio

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

0.- REGULACIÓN HARMONIZADA:

Contrato non suxeito a regulación harmonizada.

1 .- PROXECTO: “Acondicionamento e mellora de camiños de acceso a explotacións de Santalla e Bardaos e a Veiga”, redactado pola Enxeñeira Técnica Agrícola Dna., Fe Álvarez Sánchez e aprobado por Decreto da Alcaldía – Presidencia nº 16/2016, de data 02 de agosto de 2016.

Contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6.1 do TRLCSP. Codificación: CPV: 45233123 – Traballos de construción de estradas secundarias.

2.- ORZAMENTO LICITACIÓN: 91.166,41 €, IVE incluído.

Orzamento sen IVE: 75.344,14 €

IVE (21%): 15.822,27 €

Revisión de prezos: Non procede

Partida orzamentaria: 454.619

Financiamento: FEADER: 57.331,50 €.

MARM: 5.733,15 €.

AGADER: 13.377,35 €.

APORTACIÓN CONCELLO: 16.052,82 €.

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN DATA DE LIMITE DE RECEPCION: Data límite 20 de setembro do 2.016.

4.- CLASIFICACIÓN: Non resulta esixible.



Ayuntamiento de O Incio

5.- FORMA E MEDIO DE CONSULTA, E LUGAR DE PRESENTACIÓN:

A) FORMA E MEDIO: Publicación en perfil contratante e consulta ao menos a tres empresas.

B) LUGAR DE PRESENTACIÓN: Oficina de Rexistro do Concello de O Incio, Praza de España, nº 1, 27364 - O INCIO (LUGO).

6.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN:

CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da invitación.

7.- PERFIL DO CONTRATANTE:

7.1.- Enderezo páxina web: www.concelloincio.es

7.2.- Publicación formalización : Perfil do contratante do Concello de O Incio na dirección www.concelloincio.es

8.- **PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN:** Negociado sen publicidade.

9.- **TRAMITACIÓN:** Ordinaria.

10.- **MESA DE CONTRATACIÓN:** Non.

11.- **GARANTÍAS ESIXIBLES:** Definitiva do 5% do importe de adxudicación.

12.- **REVISIÓN DE PREZOS:** Non.



Ayuntamiento de O Incio

ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Sobre A – Documentación Administrativa)

D./D^a. _____ con
domicilio en _____ provincia de _____, calle
_____ n.º, _____ (Tlf. n.º _____
email:-

_____, fax: _____) D.N.I. n.º _____, en
nome, propio ou en representación da empresa
_____, N.I.F. _____,
segundo escritura de apoderamento outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de
_____, D
_____, en _____, núm. _____ do seu protocolo,
e inscrita no Rexistro Mercantil de _____,

DECLARA baixo a súa persoal responsabilidade e ante o órgano de contratación:

- Ter plena aptitude e habilitación profesional, capacidade xurídica e de obrar esixida na lexislación vixente e no apartado 6º do presente prego de cláusulas administrativas particulares e cumprir coas condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración.
- Dispoñer das solvencias económica, financeira técnica e profesional esixidas na cláusula décimo novena do presente prego de cláusulas.
- Comprometerse a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a execución da obra.
- Acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de O Incio (Lugo), e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
- En relación ao Imposto sobre Actividades Económicas se atopa nalgunha das situacións seguintes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido:

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

Na situación de alta e ao corrente no seu abono.

Na situación de alta e na situación de exención, de conformidade co artigo 82.1 apartados B),e) e f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

- A entidade atópase inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que proceda): **SI** / **NON**.

(No seu caso, as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación) .

- *Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado* (nº _____)

- *Rexistro Xeneral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia* (nº _____)

- Non se encontra incurso nas prohibicións para contratar previstas no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

- Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma.

- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).

- Comprometerse, no caso de que a proposta de adxudicación recaia ao seu favor, a aportar os documentos que se sinala na Cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas.

- Forma parte de grupo empresarial (márquese o que proceda): **SI** / **NON**.

- Se os empresarios desexan concorrer integrados nunha Unión Temporal (márquese o que proceda): **SI** / **NON**.

- Que son totalmente veraces os datos referidos na oferta económica que se formula.

- No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o artigo 145 do TRLCSP, presentárase

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación de non ter vinculación presentarse unha declaración responsable de non vinculación con outras empresas. **SI** / **NON vinculación con outras empresas.**

AUTORIZO ao órgano de contratación a obter os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas tódalas notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

Ao abeiro do disposto no artigo 140.1 do TRLCSP, declárase como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

Sobre A:.....

.....

Sobre B:.....

.....

En _____ a ____ de _____ de 2016.

Sinatura,

Asdo.: _____



Ayuntamiento de O Incio

ANEXO II: MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

(Sobre B)

“D/DNA. _____ con domicilio a efectos de _____ notificacións en _____ rúa _____ número _____ teléfono _____ con D.N.I. (ou pasaporte ou documento que o substitúa) número _____, actuando en nome propio (ou en representación de _____ con D.N.I. ou C.I.F num. _____ e con domicilio en _____ núm. _____ teléfono núm. _____) tendo recibido invitación para a presentación de oferta na licitación do contrato de obra de **“ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A EXPLOTACIÓN DE SANTALLA E BARDAOS E A VEIGA”** no Concello de O Incio, FAGO CONSTAR QUE:

Cóñezo o prego que serve de base a este contrato e que o acepto integramente, comprometéndome a executar o obxecto do contrato segundo as seguintes condicións:

A. MELLORAS SEN CUSTE ADICIONAL OFERTADAS:

- Acondicionamento de cunetas na beira das vías obxecto das obras SI / NON
- Desbroce de maleza na beira das vías obxecto das obras SI / NON

B. PRAZO DE EXECUCIÓN: _____ xornadas.

C. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA en _____ meses.

En _____, a ____ de _____ de 2016.

Sinatura do licitador,

Asdo.- _____”



Ayuntamiento de O Incio

DILIXENCIA: De conformidade co establecido no artigo 115 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo R.D.L. 3/2011, de 4 de novembro, a Alcaldía – Presidencia, mediante Decreto nº 16/2016, de data 02 de agosto de 2016, acordou aprobar o presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

A SECRETARIA – INTERVENTORA

(Documento asinado dixitalmente á marxe)